



CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2022

Ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, convócase polo Departamento de Cultura do Concello un concurso de disfraces de Antroido, que se rexerá polas seguintes normas:

1º.- Obxecto

É obxecto desta convocatoria premiar aos mellores disfraces individuais, de parellas ou grupais que se presenten ao concurso, que se celebrará o venres 4 marzo de 2022 na polideportiva municipal II República de Perillo.

2º.- Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

O importe da convocatoria ascende a 5.200 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 80.3340.48001. (Promoción da Cultura. Concurso Antroido).

3º.- Requisitos dos participantes

1. *Na modalidade invidual poderá participar calquera persoa que teña cumpridos 18 anos no momento da inscrición.*

Nas demais modalidades, permitirase a participación de persoas a partir de 16 anos, sempre e cando o representante do grupo ou parella teña 18 cumpridos no intre da inscrición.

Permitirase asemade a participación de persoas menores de 16 anos na categoría de grupos sempre que non supoñan máis do 50% do total do grupo.

2. *Poderase participar nunha das seguintes categorías:*

- *“GRUPOS” (entre 3 e 25 persoas)*
- *“INDIVIDUAL-PARELLAS” (1 ou 2 persoas).*

Deberá elixirse só unha das categorías, de xeito que un mesmo disface non poderá participar nas dúas categorías. De detectar esta situación eliminarase da categoría individual.

En caso de que ao cubrir o formulario se marcasse a categoría equivocada, se lle atribuirá de oficio a que lle corresponda.

4º.- Características e limitacións dos disfraces:

Non se permitirá a participación no concurso nin o acceso ao recinto de ningún elemento ou estrutura como carrozas, vehículos, carromatos ou similares, tanto flexibles como ríxidas.

As dimensións do disface que porte a persoa (e que debe estar unido ao corpo da persoa) non debe superar as seguintes medidas: 1,20 m de ancho x 1,50 m de longo e 2 m de alto.

Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

Non poderán participar no concurso aqueles disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

Poderán ser excluídos disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios ou discriminatorios, a criterio do órgano convocante.



5ª.- Inscripcións.

As inscricións deberán facerse no formulario que se publicará na web municipal e deberán presentarse:

- *A través da Sede Electrónica Municipal (<https://sede.oleiros.org/portal/sede>)*
- *Presencialmente no Rexistro sito no Edificio a Fábrica, Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo, Oleiros.*

O prazo de presentación iniciárase o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no BOP e rematará o 4 de marzo de 2022, ata as 13:00 horas.

No caso de que unha persoa presente por erro varias inscricións na mesma categoría, darase por válida a última presentada.

En caso de inscrición de grupo, os datos que deban constar na solicitude serán os dun membro do grupo, que se considerará representante do mesmo a todos os efectos.

En función da orde de inscrición asignaráselles aos solicitantes un número de dorsal.

O dorsal deberá ser recollido polo solicitante:

- *na Conserxería do Edificio A Fábrica, sito en Rúa do Inglés, 13. 15172-Perillo, Oleiros, a partir do día 3 de marzo en horario de 8:00 a 14:30 horas, ou ben*
- *na polideportiva da II República o venres 4 de marzo, entre as 16:00 e as 18:00 horas.*

A participación do concurso levará implícita a aceptación das bases.

6ª.- Desenvolvemento do concurso.

O concurso terá lugar o venres 4 de marzo na pista polideportiva municipal da II República de Perillo.

O número do dorsal que lle fora asignado determinará a orde de presentación no escenario.

Os disfraces participantes realizarán un desfile subindo ao escenario a partir das 19:00 horas.

No desfile só se poñerá a música de fondo seleccionada pola organización.

As persoas participantes non poderán estar máis de 2 minutos enriba do escenario, o suficiente para desfilar e que público e xurado poidan observar os disfraces.

Durante a celebración do concurso poderán efectuarse gravacións e fotografías, incluíndo ás persoas participantes e asistentes, estas fotografías poderán ser utilizadas nos medios que o Concello de Oleiros estime oportuno.

Ao remate do desfile as persoas compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e comunicalo publicamente.

Os criterios que o xurado deberá ter en conta para outorgamento dos premios serán os seguintes:

- *estética, orixinalidade e creatividade,*



- *posta en escena,*
- *detalles de maquillaxe, máscaras e demais complementos*
- *elaboración propia e artesanal.*

Cada membro do xurado outorgará un máximo de 10 puntos a cada un dos criterios, outorgando un máximo de 40 puntos a cada unha das propostas.

O xurado deberá emitir unha acta coas valoracións e a proposta de gañadores, no modelo que lle será proporcionado pola Concellería de Cultura, e deberá ser asinada por todos os membros do xurado presentes no acto.

Á vista da acta, a Alcaldía resolverá o outorgamento dos premios.

7º.- Xurado

O xurado estará composto polo Alcalde ou pola persoa en quen delegue, como Presidente, un/ha traballador/a municipal, que actuará como secretario/a, e tres vogais designados pola Alcaldía entre persoas que formen parte do movemento veciñal ou especialmente relacionadas coa festa do Antroido ou o ámbito artístico-cultural.

O/A Secretario/a non terá dereito a voto.

8º.- Premios

1. *Establécense os seguintes premios:*

⇒ Modalidade Grupos

1º premio: 1.500 €

2º premio: 1.000 €

Dous 3º premios de: 500 €

Accésit: 400 €

⇒ Modalidade Individual-Parellas

1º premio: 400 €

2º premio: 300 €

Dous 3º premios de: 200 €

Dous accésit: 100 €

2. *Os accésits serán adxudicados polo xurado se así o considera conveniente, atendendo á calidade global de todos os disfraces participantes, ás características do disface ou da súa posta en escea, debendo o xurado argumentar os motivos do seu fallo.*

9º.- Pago dos premios e requisitos dos gañadores

O pago dos premios efectuarase con posterioridade ao concurso, a través de transferencia bancaria. A estes efectos, o Concello requirirá ás persoas gañadoras a documentación imprescindible para poder efectuar o pagamento.



CONCELLO DE
OLEIROS

> CULTURA

O aboamento dos premios realizarase a nome da persoa que formulara a solicitude de participación.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente.

Antes do pago deberá acreditarse que a persoa gañadora non ten débedas coa Seguridade Social, AEAT ou co Concello. A estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización ao Concello para comprobar de oficio estes extremos nas Administracións correspondentes.

10º.- Concurso deserto e exclusións

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios en caso de que considere que ningunha das propostas presentadas acadará un nivel de calidade mínimo.

A organización e o xurado poderá descualificar en calquera momento do proceso, aqueles disfraces que incumpran as normas recollidas nestas bases.

O xurado poderá excluír do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara ao público como cara á organización.

11º.- Normativa reguladora e interpretación.

A presente convocatoria rexerase, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

Compete ao órgano convocante a prerrogativa de interpretar esta convocatoria.

Corresponderá ao presidente do xurado resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso.

12º.- Autorizacións

A presentación das solicitudes supón a aceptación íntegra da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nela, e ademais implica polos participantes a aceptación incondicionada das seguintes cláusulas:

- *A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así coma fotografías e vídeos dos mesmos nos actos de entrega de premios ou na participación no acto obxecto do concurso*



- *A publicación dos datos persoais dos premiados e importe dos mesmos na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente*
- *Consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Oleiros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha finalidade de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Oleiros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

13º.- Restriccións sanitarias

En todo momento deberán respeitarse as restriccións vixentes en materia de prevención do COVID-19, así como as instrucións que poda emitir a organización ao respecto.”